CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A UTILIZACIÓN DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DA USC POR PARTE DO ALUMNADO DO BACHARELATO INTERNACIONAL DOS CENTROS DOCENTES DEPENDENTES DESTA CONSELLERÍA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Ley 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, Consellería).

Doutra parte, Dona Rosa María Crujeiras Casais, reitora magnífica da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, a USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude de nomeamento por Decreto 26/2026, do 6 de abril, e das atribucións conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

As partes recoñécense reciprocamente, no carácter con que interveñen, plena capacidade xurídica para a sinatura deste convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN

I. Que o Estatuto de Autonomía de Galicia, na redacción dada pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, no seu artigo 31 atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia plena da regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Ademais, mediante o Real decreto 1763/1982, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensino non universitario.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

II. No ámbito da Administración autonómica de Galicia, a Consellería é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de ordenación do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, así como de xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros educativos, tal e como establece o decreto 138/2024.

III. A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras, Edulingüe 2030, na súa liña de impacto 3, persegue promover a implantación de titulacións internacionais no sistema educativo galego. Nesta liña, a ensinanza postobrigatoria do bacharelato pode ser cursada no marco de titulacións internacionais ou de programas de dobre titulación: nalgúns centros docentes, de titularidade da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, impártese o Bachalerato Internacional. Nesta modalidade, o alumnado debe realizar, como un dos compoñentes troncais do Programa do Diploma (PD) do Bacharelato Internacional (IB), unha monografía inédita. Trátase dun traballo de investigación independente e dirixido polo propio alumnado, que culmina cun ensaio de 4.000 palabras e que constitúe unha preparación práctica para os traballos de investigación universitarios así como unha oportunidade para que o alumnado investigue un tema que lle interese especialmente e que estea relacionado cunha das seis materias do PD que estean cursando.

Durante o proceso de investigación para a monografía, o alumnado desenvolve habilidades para formular unha pregunta de investigación apropiada; levar a cabo unha exploración persoal do tema; comunicar ideas, e, por último, desenvolver un argumento.

IV. A USC, a través da súa Biblioteca Universitaria (BUSC), dispón dun amplo catálogo de recursos bibliográficos que pode ser de grande utilidade para o alumnado desta modalidade de bacharelato para a realización da indicada monografía.

V. Que é de interese para as dúas institucións colaborar para que o alumnado do Bacharelato Internacional dos centros dependentes da Consellería, teña facilidades para a realización dos seus traballos de investigación, mediante o acceso aos fondos bibliográficos da BUSC, o que permite dar a coñecer ao estudantado os servizos que a Universidade ofrece neste ámbito.

Igualmente, resulta de interese para a USC participar na avaliación e difusión dos traballos de investigación realizados polo alumnado do Bacharelato Internacional.

Para tal efecto, as partes acordan asinar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

Este convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería e a USC que posibilite o acceso do alumnado do Bacharelato Internacional dos centros públicos dependentes da Consellería aos servizos e recursos bibliográficos da BUSC, co fin de realizar a monografía establecida nesta modalidade de bacharelato ao rematar o segundo ano de formación.

Segunda.- Compromisos das partes

Coa finalidade de acadar os obxectivos pretendidos mediante a sinatura do presente Convenio, ambas partes comprométense ao seguinte:

- A USC comprométese a facilitar o acceso ao seu fondo bibliográfico e servizos da BUSC a todo o alumnado dos centros docentes de titularidade da consellería que imparten o Bacharelato Internacional, para que poidan obter datos para a elaboración da preceptiva monografía, que deben realizar ao rematar o segundo ano desta modalidade de bacharelato. O devandito acceso realizarase atendendo á normativa de funcionamento vixente que a BUSC ten establecida para os usuarios externos.

- A Consellería comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Facilitar ao alumnado de Bacharelato Internacional unha credencial que lle permita poder solicitar o carné para acceder ás bibliotecas dependentes da USC.
- Velar para que o alumnado dependente dos seus centros respecte escrupulosamente toda a normativa interna das bibliotecas ás que accedan (horarios, condicións de préstamos de libros, etc).
- Facilitar a participación do persoal docente e investigador da USC na avaliación e difusión dos traballos de investigación realizados polo alumnado de bacharelato internacional.

Terceira.- Financiamento

Este convenio non leva consigo aparelladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Cuarta.- Comisión de coordinación, seguimento e avaliación

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de coordinación, seguimento e avaliación formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes, coa seguinte composición:

Por parte da Consellería:

-Presidente/a da Comisión: a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa na que delegue.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

- Unha persoa da Subdirección Xeral de Inclusión e Innovación Educativa, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

Por parte da USC:

- Secretario/a da Comisión: a persoa titular da Vicerreitoría de Investigación e Ciencia Aberta ou persoa na que delegue.

- O/a director/a da Biblioteca Universitaria.

As funcións da comisión serán as seguintes:

a. Potenciación, seguimento e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

b. Propoñer a solución amigable das controversias que puideran xurdir na interpretación e aplicación do convenio

c. Calquera outra que se derive deste convenio.

A actuación desta Comisión axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Quinta.- Natureza e réxime xurídico

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991, así como na lei 40/2015.

A exclusión deste convenio do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co disposto no seu artigo 6.2, non impide a aplicación dos principios recollidos na citada lei, para resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, tal e como establece o seu artigo 4.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións litixiosas que puidesen xurdir na súa aplicación.

Sexta.- Vixencia

Este convenio estará vixente durante catro anos desde a data da súa sinatura por ambas

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

partes. Con anterioridade á finalización da súa vixencia, por acordo unánime das partes, poderá prorrogarse, mediante adenda, por un período de catro anos adicionais, de conformidade co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

a) O transcurso do seu prazo de vixencia sen que se acordase a súa prórroga.

b) O acordo unánime das partes asinantes.

c) O incumprimento das súas cláusulas por algunha das partes.

Neste suposto, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento, vixilancia e control.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá levar consigo a indemnización dos prexuízos causados.

d) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

e) Calquera outra causa prevista no convenio ou na lexislación vixente.

Oitava.- Información básica sobre protección de datos

1.Tratamento de datos persoais

O tratamento de datos persoais realizado ao abeiro deste convenio rexerase polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos (en diante, RXPD), pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD), así como por cantas outras normas legais ou regulamentarias, afecten, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Cada parte xestionará o seu propio tratamento e será responsable do mesmo.

2. Datos das persoas representantes das persoas xurídicas intervenientes

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio, representantes ou que actúen en nome ou por conta dunha ou da outra parte serán tratados unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo, con base no disposto no artigo 6.1 b) do RXPD.

3. Exercicio dos dereitos en materia de protección de datos

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

- Respecto da USC: a través da Sede electrónica en

https://sede.usc.es/sede/publica/index.htm

Tamén dispón de información adicional na seguinte web:

https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/proteccion-datos-caracter-persoal

- Respecto da Consellería, a través da Sede electrónica en

https://sede.xunta.gal

Tamén dispón de información adicional na seguinte web:

https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos

Novena.- Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para este fin, as partes asinantes aceptan que o texto do Convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décima.- Notificacións electrónicas

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (https://notifica.xunta.gal). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve

NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións

E como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional	Pola Universidade de Santiago de Compostela
O conselleiro,	A reitora,
Román Rodríguez González	Rosa María Crujeiras Casais

Asinado por: RODRIGUEZ GONZALEZ, ROMAN
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 01/10/2026 19:37:11

Asinado por: CRUJEIRAS CASAIS, ROSA MARIA
Cargo: Reitora (USC)
Data e hora: 01/10/2026 12:32:52

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 7CTvLPON8Bp7 https://sede.xunta.gal/cve